Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A noite das cancelas

Oxalá este ano, aproveitando que o solsticio marca o cambio no devir cíclico anual, arda e se derreta de vez no lume profiláctico e rexenarador da Noite de San Xoán o SARS-CoV-2.

Queimaremos simbolicamente ese mal pasado, non a súa memoria, e reiniciaremos como se non pasase nada, con ilusión e esperanza outro capítulo vital. A Noite de San Xoán é inmensa, poliédrica, atávica de esconxuros e absolucións; inabarcable nun só golpe de nostalxia e pouco se pode dicir ou escribir que non se teña dito ou escrito xa.

Hoxe vou quedar só coa memoria dun rito que lembro da nenez, que agora apenas se practica e que representa simbolicamente a necesidade de simular a desorde para que ao amencer todo volva, polo menos aparentemente, ao equilibrio. Recúo ao Zoñán da miña infancia e aos foleóns comunitarios das vésperas de San Xoán e San Pedro, e ilusiónome crendo que aínda son aquel pícaro que no medio dos outros, tras a batida para xuntar ramallada e cueiros, sente a calor ardente e a emoción das laparadas xigantes.

Xa hai moitos anos escribiu Lence Santar que os mozos dependuraban dos carballos e doutras árbores os carros e outros aveños, desborrallaban paredes dos terreos e das pontes e "esmeldran as cancelas". Engado eu que

moitas cancelas e carros saudaron a alba do 24 estacionados na praza da Catedral de Mondoñedo.

Vicente Risco conta que, ao amparo da escuridade, a rapazada desgonzaba e mudaba de lugar as cancelas, teletransportaba arados, grades, xugos, rastros, escadas e outras ferramentas e pertenzas; e ata animais, que máis dun burro pasou a noite arrandeándose nas pólas dunha árbore ou tomando o almorzo na corte do veciño. Nos casos máis graves, o acaparado podía aboiar na canle dun muíño ou na represa ou caneiro do río pero o máis corrente era atopalo nunha encrucillada, atrancando as portas dunha casa ou un camiño, no adro da igrexa ou, instantánea e ilusoria riqueza, na eira da xente máis pobre do lugar.

Os máis desvergonzados ata roubaban as prendas íntimas dalgunhas mozas que ao día seguinte podía ver toda a veciñanza tendidas no campanario da parroquial. Hai lugares que facían o mesmo na véspera de Reis, en Santos ou polo Entroido.

Se a persoa agraviada non se enfadaba soía recibir a axuda dos "ladróns" para recuperar o desaparecido; pero se denunciaba, podía agardar que ata que a atopase polos seus medios, ninguén lle botaba unha man. Cóntase un caso dun que canso de que lle levasen o carro todos os anos, dixo: este ano non mo han levar, e botouse a durmir enriba do carro. Leváronllo igual; amenceron el e o carro na beira do río.

Nalgunhas vilas tamén se mudaban letreiros ou sinais de tráfico pero, agás raras excepcións, xa non se fai, polo menos con aquela intención de rir, xogar e desafiar.

Non hai unha interpretación convincente sobre este costume nin sobre as posibles orixes. Considérase unha apropiación burlesca que cuestionaría a propiedade individual pero tamén, e non se debe descartar, pode ser unha especie de rito de paso no que a mocidade amosa a súa rebeldía fronte á orde imposta polos adultos.

© Antonio Reigosa

El Progreso, 15 de xuño de 2020

COMENTARIOS ENVIADOS

Creo que este texto eh moi importante para os nenos pequenos xa que inculca unha tradición que nunca se perde.

Enviado por rPerdido o 24/02/2025 ás 12:41:39